

## 6 Interview

# Domingo Villar, autor de *Water-blue eyes* (2008)

“Que te traduzan  
é en boa medida  
cuestión de fortuna”

Xabier Cid fala con  
Domingo Villar para  
*Galicia 21* no  
Festival do Libro de  
Edimburgo

**Hotel Roxburgh, Edimburgo.** Agosto chuvieiro. Fóra, nunha praza á que se chega baixando seis ou sete chanzos de escaleira, están os toldos do Festival do Libro da cidade, un auténtico maratón de conferencias, presentacións de novidades e sinaturas de libros que se celebra dende 1983 con considerábel éxito. Dentro, nun amplo e antigo hall de teitos e alfombras británicas, está un señor bocexando escandalosamente, un piano e un desfile de silandeiros mozos de hotel. Nun recanto tamén hai un escritor galego traducido ao inglés que se chama Domingo Villar, e un xornalista.

É a primeira vez que un escritor galego está neste Festival do Libro, que todos os anos aúna a autoras e autores (tanto de escrita creativa como académica ou divulgativa) da estatura de Toni Morrison, Dario Fo ou Homi Bhabha. Pero esta atmósfera sen dúbida imponente, provocada pola innegable sonoridade dos nomes das escritoras e escritores convidados a falar, tamén ten o leve abafado do que é eminentemente anglo-céntrico. Só na categoría denominada, con certa preguiza terminolóxica, ‘World Literature’ figuran, algo apiñados, os nomes das autoras e autores que non proveñen dun medio anglófono nin escriben en inglés. Os máis deles están alí porque a través do labor da tradución, os seus traballos xa son accesibles ao lectorado (e mercado) anglófonos, un logro en por si, nada menosprezable. Este é o caso de Domingo Villar, cuxa novela *Ollos de auga*, foi publicada a primeiros do 2008 pola editorial Arcadia (na súa colección Euro-Crime) como *Water-Blue Eyes* e apañou unha boa recensión no *Times Literary Supplement* de Maio do 2008. Nos materiais paratradutivos (recensións en línea, sinopses, etc), porén, a novela semella presentarse como traducida do español ao inglés, circunstancia non pouco frecuente cando o camiño da tradución pasa polos diferenciais de poder entre culturas hexemónicas e minoritarias. Na entrevista que lle fago para *Galicia 21* a Villar no

día mesmo do seu relatorio no Festival do Libro de Edimburgo, o autor fala precisamente da política de traducións, dos camiños que o levaron a editar no mercado anglosaxón, e das pegadas dos autores británicos na súa conformación como escritor.

**Como chega a existir este *Water-Blue Eyes* que agora presentas en Edimburgo?**

A tradución ao inglés chegoume a través dun axente literario que contactou comigo hai un par de anos, cando aínda a novela era só un manuscrito. El acode a feiras internacionais e espertou o interese de varias editoriais en inglés por publicar o libro. Eu non as coñecía e pouco tiven que dicir, pero o axente elixiu Arcadia Books, que é unha editora independente que coida bastante as cousas que publica.

**É moi difícil publicar literatura traducida no Reino Unido, e ti, coa túa primeira novela, consegues ser un dos catro autores vivos que o conseguiron.**

Si, xa me teñen dito... Sei que ao Festival do Libro de Edimburgo son o primeiro galego que vén presentar un libro.

**E por que cres que pasou contigo?**

Supoño que a través de feiras... É algo que eu non coñezo ben. O meu traballo remata, ou case que remata, cando premo as últimas teclas do computador. A maquinaria industrial ou empresarial posterior non a domino demasiado. A min tamén me sorprendeu unha barbaridade o feito de que o libro se traducise. De feito tradúcese ao inglés, pero xa está en italiano, está por saír alemán, sae en ruso, sae en búlgaro, sae en finlandés, está o francés aí aí... e para min é sorprendente. Eu non entendo ben cal é o mecanismo. O único que fago é escribir.

**Pero os dereitos de tradución, de quen son?**

Son meus.

**Negocias ti directamente co axente a tradución para fóra?**

Ao igual que negocio en Galicia as condicións da publicación en galego, os dereitos en peto, ou os audiovisuais no caso de que os houbese. Coas traducións pasa un pouco o mesmo. As editoriais teñen interese en traducir un libro e chegan ata min. No caso concreto de *Ollos de auga* creo que hai un crítico literario en Clarín que se dedica á literatura anglosaxona, un tipo arxentino, de pai inglés e que vive aquí no Reino Unido, que tamén le en castelán. Leu *Ojos de agua*, gustoulle, e pensou que podía interesar a tradución.

**Unha das cousas que sorprende na edición británica é que non fai referencia ao orixinal en galego.**

Non sei de onde se traduciu exactamente...

**A tradución é do español, non do galego, pero nos créditos do interior pon 'originalmente publicado en Siruela'.**

Ah, pois non, non o sei... Pois será que é porque é dende onde se fixo a tradución... Non o vira... En cambio na edición en castelán si pon na primeira páxina 'traducido do galego polo autor. E pon como título *Ollos de auga/Ojos de agua*. [Abre a edición británica para comprobalo e cae na dedicatoria]. A tradución da dedicatoria dáme como...

### **Perdón?**

Todas as dedicatorias son tremendas, pero esta...

### **Non te reconeces no texto traducido?**

Probabelmente non teña nivel de inglés suficiente para decatarme dos detalles máis pequenos, que son aqueles onde realmente un se pode reconecer, onde un pode ter seguridade de dicir isto é meu e non do tradutor. Do que me decato é do labor tremendo que supón a tradución do libro a unha lingua non románica. Muda tantísimo a tradución que si, o libro é meu, pero tamén é alleo. É unha cousa un pouco estraña. O xeito de puntuar, que xa é completamente distinto, a forma de comezar os diálogos, etc. Despois, ler a historia é abraiante.

### **É moi distinta a experiencia de traducirte a ti mesmo en castelán?**

Si, nela síntome absolutamente cómodo. Unha lingua para un escritor é a ferramenta de traballo, como un pintor ten a acuarela, o óleo, a augaforte, etc. Síntome plenamente cómodo escribindo en galego e en castelán.

### **Cres que os personaxes son distintos nun idioma e noutro?**

Hai unha diferenza de matiz. Penso que o galego é máis rico, máis preciso. Non sei explicalo ben, pero estou máis cómodo cando describo en galego, o resultado é máis axeitado ao que penso ca cando as traduzo e as escribo en castelán. Non sei exactamente por que. A miña vida desenvólvese ao 95% (ou máis) en castelán. Levo moitísimos anos fóra de Galicia, casado cunha muller de fóra, etc. Pero o galego é para min unha ponte que me permite estar de volta en Vigo, nas súas rúas. E iso que en Vigo, no meu ambiente, hai xente coa que falo en galego e outra coa que o fago en castelán.

### **Cres que se vivises en Galicia a repercusión da novela sería maior?**

Non, non o creo. Non estou en Hong Kong. Estou a catro horas de coche...

### **Catro horas de Madrid a Vigo xa é pisarlle...**

Ben, ata Ourense... Non estou tan afastado. Leo o *Faro* e a *Voz* en internet e estou plenamente enterado do que sucede en Galicia...

### **Pero se estás vivindo en Madrid resulta máis complexo interaccionar co sistema literario, dar conferencias, facer presentacións...**

O ano pasado fun unha semana a Galicia e tiven dez ou quince xuntanzas con alumnos de bacharelato. É verdade que hai que ir a lume de carozo de Vigo a Ribadeo, pero eu teño a intención de seguilo facendo, con rapaces, con clubs de lectura, etc. O único distinto é que tes que artellar a axenda cunhas datas determinadas.

### **Que tal esa experiencia?**

Fantástica. Unha baixada ao chan fenomenal. Os rapaces de dezaseis ou dezaioito anos son lectores adultos, completos, que non lle teñen nada que envexar a ningunha persoa madura. Lembro a primeira vez que lin *A illa do tesouro*, que tería eu quince anos, e foi fantástico. Despois lina máis veces, e atopei cousas que daquela vez non atopara, nas que non reparara, pero esa época de descubrimento da literatura é deliciosa. Para min é un orgullo e unha responsabilidade moi grande que rapaces nese momento estean a ler o que eu escribo ou o que eu escribín. Non sei se seguirá sucedendo, pero para min é interesante...

**Mencionaches a Stevenson, que é precisamente de aquí, de Edimburgo...**  
Si, e Conan Doyle tamén é de aquí.

**...que outras referencias tes na literatura británica?**

Gústame moito Joseph Conrad, que non era británico, que era polaco aínda que agora sería ucraíno, pero que en realidade era un escritor británico. O *Corazón da escuridade* ou *The Secret Agent* é literatura plenamente británica... E non hai case nada de Conrad traducido ao galego.

**Diciácho porque... cantas veces viñeches ao Reino Unido?**

Algunhas a Londres, pero de Londres para riba non subira...

**Pois pasear por Edimburgo, polas mesmas rúas ca Stevenson, ca Conan Doyle...**

Si, é marabilloso. Hoxe estiven no monumento a Walter Scott. Son nomes tan grandes que non paro a pensar que faga o mesmo que facía Stevenson... Ben, é que non o fago, claro. Eles son palabras maiores.

**Tes medo de que aquí, no UK, sexas considerado unicamente un escritor de novela negra?**

Non son un animal de reduto literario. Gústame a boa novela negra como me gusta a boa novela erótica ou a histórica...

**Pero estás aquí como autor de novela negra, compartindo conferencia cun xuíz italiano, e a serie editorial en que estás incluído chámase Eurocrime...**

Non pasa nada. Hai un morto na primeira páxina e o crime esclarécese na última, iso é verdade, pero... Ben, si, é unha novela negra, pero qué lle imos facer... Tampouco creo que faga novela negra no sentido clásico do termo. Pero se é negra é negra en cores. *Ollos de auga* é unha novela cun misterio que hai que desenvolver, pero non é trémula, nin é un retrato social tremendo das cousas que vexo ao redor. O meu obxectivo era contar unha historia, e punto. Como dicía Italo Calvino, a diversión é cousa seria, e trátase de divertir o lector, que queira pasar a páxina e seguir a ler. A literatura está ao servizo da historia e non a historia ao servizo da literatura.

**A simplicidade de esquemas da novela negra cres que a converte nunha forma sinxela de escribir?**

Non penso que sexa máis doado escribir novela negra ca doutro xénero. Escollina para divertirme mentres a escribía. Quería pasalo ben e facerllo pasar ben á xente que a lese. É a obriga dun libro divertir e emocionar dalgún xeito, conmoer... Co riso ou de moitas outras formas. A novela negra dárame a posibilidade de coller o lector polo ramal e levalo a través da historia por diferentes paisaxes, situacións, etc., pero sempre coa escusa da resolución dun misterio, que é algo que a min como lector me interesa.

**O esforzo que fixeches creando a parella de protagonistas parece destinado a aproveitarse.**

Si, a miña intención é facer unha serie con eses personaxes. Levo meses dicindo que hai meses que estou rematando unha segunda novela. Que lle imos facer se non a rematei aínda! Mentres me sinta cómodo cos personaxes, teña algo novo que dicir deles e á xente non lle pareza unha lata e lle guste lelos, a miña idea é seguir coa serie, construír un pequeno universo ao redor deles.

**E isto sábeno os teus editores fóra?**

Si. O editor alemán insiste constantemente en querer ler o seguinte caso de Leo Caldas. O mesmo en Galaxia, en Siruela, os ingleses... Posiblemente parte do gancho que poida ter para un editor estranxeiro, máis aló de que lles guste ou de que non lles guste, é a posibilidade de que teña unha continuación, e que a serie vaia medrando.

**Como pensas que se pode traducir a chispa da parella de protagonistas, unha chispa que se basea en que un é un poli galego e o outro español?**

Esa é unha das cousas das que non estou certo. Cando escribes ou falas e tes un dominio da lingua usada sabes cando o que queres dicir é ofensivo ou pexorativo, ou onde empeza a burla ou o grotesco. Pero na tradución non sei onde está esa liña colocada. E a liña que separa a sorna do grotesco é unha fronteira esvaída. Si o sei na versión en galego ou na versión en castelán, porque eu fixen as dúas, pero na versión en inglés non teño claro como quedou a cousa. Sempre crin que un ten dominio pleno dun idioma cando entende os chistes. E eu en inglés non os entendo. Estou vendo un humorista na televisión e non teño idea do que está dicindo, malia ter un inglés abondo para andar por aí e para desenvolverme.

**E gusta máis en galego, en castelán, en inglés....?**

En galego vai pola sétima edición. En Siruela tamén, e ademais está en peto, e xa reeditado. Non teño nin idea das vendas. Para min xa foi unha sorpresa tremenda publicar o libro. Eu non escribín pensando en publicalo, e moito menos en traducilo. Non sei nin a razón de por que *Ollos de auga* se publicou e se traduciu, nin tampouco a de por que outros libros non se traducen. Supoño que a fortuna ten moito que dicir niso. Porque non atopo outra explicación.

